

SOLUCIÓN. DÍA DAS LETRAS GALEGAS. CARVALHO CALERO.

1.-En que data se comezou a celebrar o Día das Letras Galegas?

O 17 de maio de 1963.

2.-Por que se elixiu esta data?

Porque se cumprían 100 anos da primeira edición da obra de Rosalía de Castro "Cantares Gallegos".

3.-Lugar e data de nacemento.

Naceu en Ferrol no ano 1910.

4.-En que rúa de Ferrol viviu?

Vivía na rúa San Francisco, no barrio de Ferrol Vello.

5.-Onde estaba a primeira escola á que asistiu?

Na rúa Magdalena estaba a escola de dona Marina.

6.-Onde acadou o título de Bacharelato?

Na Coruña.

7.-Que carreira universitaria cursou en Santiago?

A carreira de Dereito.

8.-Cal foi o seu primeiro libro de poemas?

Trinitarias.

9.-Que posto de traballo realizaba ao seu regreso a Ferrol?

Ocupaba un posto de auxiliar administrativo no Concello de Ferrol.

10.-En que outra cidade galega viviu cando casou?

En Lugo.

11.-Onde traballaba cando vivía en Lugo?

No colexio de Fingoi como profesor.

12.-Que outra carreira universitaria estudou?

A carreira de Filosofía e Letras.

13.-Que partido axudou a crear?

O Partido Galeguista.

14.-Como se chamaba a primeira novela escrita en galego despois da guerra?

A xente da barreira.

15.-Como se chamaba o instituto de Santiago de Compostela onde daba clases?

Instituto "Rosalía de Castro".

16.-Na Universidade de Santiago foi o primeiro.. catedrático de Galego.

17.-En que ano ingresou como membro da Real Academia Galega?

No ano 1958.

18.-Cal foi a súa derradeira novela?

"Scorpio". Fala da xeración dos vencidos na guerra.

19.-Escribe o título dalgunha outra obra.

"As pitas baixo a choiva", "A cegoña", "La soledad confusa", ...

20.-Lugar e data de falecemento.

Morreu en Santiago no ano 1990.